



SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2025/G007/000022

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 29 de outubro de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“16. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DO XXI CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL, ANO 2025.-

Proposta de Acordo

PROCEDEMENTO: Convocatoria de subvencións
EXPEDIENTE.- 2025/A002/000020

CONVOCATORIA XXXI CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2025

ANTECEDENTES

I.- A Concellería de Promoción Económica organiza o Concurso de Escaparates do Nadal desde o ano 2004 coa intención apoiar, fomentar e dinamizar o comercio local durante as datas do nadal. Os concursos de escaparates de nadal que se organizaron en edicións anteriores, tiveron gran aceptación por parte dos comercios, da hostalería e dos negocios destinados a servizos persoais, así como, da veciñanza de Arteixo e da área de influencia, o que axudou a súa consolidación dentro do catálogo de actividades que o Concello de Arteixo oferta nas datas de Nadal.

II.- A finalidade desta iniciativa é decorar o pobo de Arteixo, incentivando e premiando os establecementos comerciais, servizos persoais e hostalaría do Concello, de tal forma que aumente a afluencia turística a Arteixo.



III.- Por medio da mellora na imaxe dos nosos establecementos, estamos creando rúas e espazos comerciais máis atractivos para o/a consumidor/a, fomentando a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, concienciando aos nosos/as empresarios/as da importancia da imaxe do seu establecemento para mellorar as súas vendas, logrando que estes sexan máis competitivos, fomentando o consumo no municipio por parte dos veciños/as de Arteixo e da súa área metropolitana e fidelizando á clientela.

IV.- Ao mesmo tempo que se incentiva a mellora da imaxe dos comercios locais, xunto con outras iniciativas municipais xaostas en marcha, conseguimos converter o concello nun atractivo turístico para visitantes, que redundará nun aumento das vendas do comercio local, en definitiva, na promoción e desenvolvemento económico do noso concello.

V.- Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Arteixo pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo como propias, entre outras, as especificadas nos apartados: h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; i) feiras, abastos, mercados lonxas e comercio ambulante, e l) promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

VI.- Vista a providencia de inicio asinada polo Concelleiro de Promoción Económica e Festas en data 14 de outubro de 2025, con CVD: ktg0VHFjSMVz7kkN/h/R.

VII.- Visto o informe favorable, emitido polo Técnico de Promoción Económica en data 15-10-2025, con CVD: x3DZ+xl/+qHc/bgf5zNo, sobre a aprobación das bases reguladoras do 21º Concurso de Escaparates de Nadal 2025.

Por todo o exposto, previa fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción, se procede, dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria para a celebración do “XXI Concurso de Escaparates do Nadal 2025” co seguinte teor literal:



“BASES DO XXI CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2025 CONCELLO DE ARTEIXO

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade. Esta iniciativa, convocada polo Concello de Arteixo, ten por finalidade decorar o pobo de Arteixo, incentivando e premiando ás persoas físicas e xurídicas titulares de pequenos establecementos comerciais, de servizos persoais e hostalería do municipio para que decoren os seus locais, impulsando deste xeito a actividade comercial e potenciando o ambiente festivo durante o mes de decembro coincidindo coas festas do Nadal.

SEGUNDA.- Participantes. Poderán participar neste concurso os pequenos comercios, servizos persoais e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e **teñan o escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o 5 de decembro de 2025 e o 7 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos).**

TERCEIRA.- Inscripción e presentación de solicitudes. Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo ou sede electrónica, unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se inclúe no anexo. A inscrición será gratuíta.

Unha vez rematado o prazo de inscricións elaborárase e publicarase na páxina web municipal unha listaxe de establecementos participantes.

CUARTA.- Prazo de inscricións. O prazo de inscricións comezará o **día 01-12-2025 e rematará o 14-12-2025, ambos inclusive.**

QUINTA.- Premios. Establécense as seguintes modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

1. Primeira modalidade

- ◆ Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).
- ◆ Segundo premio: 800,00 € (oitocentos euros).
- ◆ Terceiro premio: 500,00 € (cincocentos euros).

2. Segunda modalidade

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



- ◆ *Accésit á orixinalidade: 450,00 € (catrocentos cincuenta euros).*

3. Terceira modalidade

- ◆ *Premio por votación popular: 900,00 € (novecentos euros).*

Para o financiamento destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria 241.48100.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.

SEXTA.- Desenvolvemento.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na páxina web a relación de establecementos admitidos no XXI de Concurso de Escaparates 2025, indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou mecanismo que se habilite ao efecto.

As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 17-12-2025 e sucesivos se fora necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.

O xurado para as dúas primeiras modalidades estará composto por:

- *Dous representantes do mundo comercial e artístico especializado/a en técnicas de escapatismo e merchandising.*
- *Técnico/a do Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario/a do xurado.*

SÉTIMA.- Criterios de adxudicación dos premios.

- a) *Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º.*



A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

- *A imaxe comercial e presentación do produto: ata 4 puntos*
 - *A creatividade da decoración: ata 4 puntos*
 - *O impacto visual: ata 4 puntos*
 - *A iluminación do escaparate: ata 4 puntos*
- a) *Segunda modalidade: Accésit á orixinalidade, segundo este criterio.*
- b) *Terceira modalidade: Votación popular.*

*A adxudicación deste premio farase en función do resultado da votación popular efectuada desde a seguinte URL: **<https://arteixo.org/servizos/promocion-economica/>**, resultando gañador o establecemento participante que rexistre o maior número de votos. Cada persoa poderá votar soamente ao escaparate dun establecemento (un escaparate por IP). Os votos poderán emitirse desde a publicación na páxina web municipal da relación dos establecementos admitidos no Concurso (previsiblemente o 15 de decembro), **ata as 23:59 h do día 21 de decembro de 2025.***

O Concello de Arteixo resérvase o dereito a descualificar a calquera participante se existe calquera sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar nesta modalidade do concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descualificar contidos, usuarios ou calquera outra acción que o Concello estime oportuna.

OITAVA.- Adxudicación dos premios.

A adxudicación dos premios efectuarase a partir da valoración do xurado profesional (primeira e segunda modalidade) e polos votos emitidos na modalidade de votación popular (terceira modalidade).

O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteixo.org).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



NOVENA.- Pago dos premios.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións. Os participantes, ao asinar a solicitude, están autorizando ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

O pago dos premios a persoas físicas quedará suxeito a previa retención do IRPF en aplicación do art. 33.1 (cualificación dos premios como ingreso patrimonial) e 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

DECIMA.- Aceptación das bases.

O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases e coa aceptación da Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre a fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa única excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.



SOLICITUDE DE INSCRICION NO XXI CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2025

DATOS DA EMPRESA:

Razón Social da Empresa: _____

CIF/NIF: _____ Nome Comercial: _____

Actividade: _____

Enderezo escaparate _____

E-mail: _____ Teléfono: _____

Persoa de contacto: _____

SO EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos: _____

DNI/NIE: _____ E-mail: _____

Teléf.: _____ En calidade de: _____

Expoño: que coñecendo e cumprindo os requisitos esixidos nas Bases e Convocatoria

Solicito: participar no "XXI Concurso de Escaparates de Nadal 2025"

Arteixo, ade decembro de 2025

*Sinatura do titular ou representante legal

**Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases do concurso, e que no caso de ser premiado autorizo ao Concello de Arteixo a comprobar o cumprimento de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo."



SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 3.650,00 € en premios con cargo a aplicación orzamentaria 241.48100, e de 400,00 € para a asistencia do xurado especializado con cargo á partida orzamentaria 241.22627.

TERCEIRO.- Dar traslado dos acordos aos Departamentos de Intervención e de Promoción Económica.

CUARTO.- Proceder á publicación das bases na BDNS, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo.

Asdo. dixitalmente.- Angel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica e Festas

** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de Intervención (CVD: cgcog6ggqKShRmoqmmL0/), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dña. Luz María Villa Álvarez, en data 23 de outubro de 2025 coa seguinte conclusión:

“Tendo en conta o anterior, conclúese que o expediente cumpre formalmente cos requisitos legais establecidos e nos aspectos comentados informándose favorablemente, debendo o Concello practicar unha retención do 19% no suposto de que as bases impoñibles dos premios superen os 300,00€ en aplicación dos arts.33.1 (calificación dos premios como ganancia patrimonial) e 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas (Consulta de la Dirección General de Tributos V3668-20).”

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente,



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.